
CINCO MINUTOS DE PAZ

Texto e ilustracións de JILL MURPHY

Tradución de SANDRA e ÓSCAR SENRA GÓMEZ

Encadernado en cartón. 28 x 23,5 cm. 32 páx. 15 €.

FINALISTA DO PREMIO CHILDREN'S BOOK AWARD 1986
PREMIO PARENTS MAGAZINE BEST BOOK FOR BABIES, 1987

Cinco minutos de paz (galego)

ISBN 978-84-8464-241-1. Tras os montes.

Cinco minutos de paz (castelán)

ISBN 978-84-8464-240-4. Libros para soñar.

Cinc minuts de tranquill · lltat (catalán)

ISBN 978-84-8464-242-8. Llibres per a somniar.

Bost minutuko lasalaldia (éuscaro)

ISBN 978-84-7681-938-8. Kalandraka - Pamiela.

*Mamá Grande colleu unha bandexa do aparador
e puxo nela unha teteira, unha xerriña con leite,
a súa cunca favorita, un prato de torradas con marmelada
e un pastel que sobrara do día anterior.*

Meteu o xornal no peto e saíu paseniño cara á porta...

Coincidindo co 30º aniversario da súa publicación, KALANDRAKA recupera este álbum de Jill Murphy, co que moitos adultos poderán identificarse porque “Cinco minutos de paz” invoca un desexo practicamente inalcanzable para quen ten nenos pequenos ao seu cargo: tratar de aillarse do mundo por un instante sen que eles interrompan ese lapso de tempo coas súas inxedanzas, as súas imprevisibles ocorrencias e a súa espontaneidade.


Destaca a elección de animais tan robustos como os elefantes para protagonizar un relato divertido e entrañable. Mamá Grande e as súas crías son habilmente humanizadas con atavíos cotiás e nun contexto doméstico ao inicio da xornada. A expresividade dos personaxes reflicte un amplo abano de sentimentos: dende a resignación, o malestar ou a paciencia da nai, ata o arrepentimento ou o inocente entusiasmo dos pequenos paquidermos, que son pura enerxía.

Porque Mamá Grande só quere uns minutinhos de paz e de tranquilidade na súa bañeira quente, escumosa e chea de burbullas.

Unha historia tan real como a vida mesma, contada con naturalidade, humor e afecto.

www.**Kalandraka**.com

comunicacion@kalandraka.com



- **Temática:** familia; inxedanzas da infancia.
 - **Idade recomendada:** a partir de 3 anos.
 - **Aspectos destacables:** animais humanizados; contorna doméstica; relación entre irmáns; vida cotiá.
-

Jill Murphy

(Londres, 1949)

A súa inclinación pola literatura e polo debuxo remóntase á nenez. Estudou en escolas de arte de Londres. A saga “A peor bruxa” foi o seu primeiro éxito editorial, con millóns de exemplares vendidos e unha serie de televisión baseada nos seus libros. Os personaxes de “Cinco minutos de paz” tamén tiveron unha versión audiovisual. Recibiu, entre outros recoñecementos, a medalla Kate Greenaway en 1980, 1987 e 1994, o premio Parents Magazine Best Book, e os galardóns Smarties Book, Sheffield Children’s Book Award e Gateshead Gold Award.

